



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE CULTURA,
EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE


galicia
o bo camiño



CEIP DE CAIÓN

PLAN DE ENSINO VIRTUAL

CURSO 2021/2022



PLAN DE ENSINO VIRTUAL

Seguindo as instrucións da Consellería de Educación, o centro ten que elaborar un plan de ensino virtual ante a COVID-19 para os casos de posible confinamento. O plan ten que elaborar un horario espello para os alumnos/as de terceiro de primaria en adiante e ten que destinar un 60% do horario á actividade lectiva e un 40% a tarefas, respectando a carga lectiva do horario habitual.

Para este fin, temos que coordinar cos diferentes niveis: terceiro, cuarto, quinto e sexto unha proposta de horario. Desde a dirección imos a propoñer un exemplo para ter de base e modificalo en cada nivel segundo as consideracións dos mesmos.

Ademais disto, teremos que establecer un control da avaliación e da asistencia en educación non presencial. Todo debe quedar rexistrado e deberá entregarse na xefatura de estudos.

1.- HORARIO ESPELLO a partir de 3º de Educación Primaria.

Dado que somos un centro con 5 unidades e que contamos con 8 mestres/as dos cales só 1 é mestres de Educación Primaria o resto dos titores/as son especialistas, no caso de peche dunha das aulas o resto dos mestres seguirán no centro. É por isto que precisamos que o horario espello sexa igual que o oficial, para que cada mestre/a poida facer as súas sesións correspondentes.

Mestre : Jessica Calvo		3º/4º Primaria				
HORA	SESIÓN	Luns	Martes	Mércores	Xoves	Venres
1ª	1ª	Lingua Castelá	Matemáticas	Matemáticas	Matemáticas	Mate
09:30	Webex	30´	30´	30´	30´	30´
10:00	Tarefas	20´	20´	20´	20´	20´
2ª	2ª	Lingua Castelá	Inglés	Ciencias da Natureza	Inglés	Música
10:20	Webex	30´	30´	30´	30´	30´
10:50	Tarefas	20´	20´	20´	20´	20´
3ª	3ª	Lingua Galega	Lingua Castelá	Inglés	Ciencias Sociais	Lingua Galega
11:10	Webex	30´	30´	30´	30´	30´
11:40	Tarefas	20´	20´	20´	20´	20´
12:00	R	E	C	R	E	O
		TITORÍA ALUMNADO	LECTURA	LECTURA	LECTURA	TITORÍA FAMILIAS
12:30	Lectura	20´	20´	20´	20´	20´
4ª	4ª	3º Ciencia Sociais / 4º Afondamento	Ciencia Sociais	Lingua Galega	Educación Física	Relixión Valores
12:50	Webex	30´	30´	30´	30´	30´
13:20	Tarefas	20´	20´	20´	20´	20´
5ª	5ª	Ciencias Naturais	Educación Física	Lingua galega	Lingua Castelá	Plástica
13:40	Webex	30´	30´	30´	30´	30´
14:10	Tarefas	20´	20´	20´	20´	20´

Titora: Jose Carballido Ponte		(EDIXGAL)				5°-6° Primaria
HORA	SESIÓN	Luns	Martes	Mércores	Xoves	Venres
1ª	1ª	Lingua Castelá	5º Lingua Galega / 6º Ciencias Sociais	Matemáticas	Lingua Galega	Relixión Valores
09:30	Webex	30´	30´	30´	30´	30´
10:00	Tarefas	20´	20´	20´	20´	20´
2ª	2ª	Matemáticas	Educación Física	Música	Lingua Castelá	Inglés
10:20	Webex	30´	30´	30´	30´	30´
10:50	Tarefas	20´	20´	20´	20´	20´
3ª	3ª	Lingua Galega	Inglés	Lingua Castelá	Ciencias Sociais	Ciencias Sociais
11:10	Webex	30´	30´	30´	30´	30´
11:40	Tarefas	20´	20´	20´	20´	20´
12:00	R	E	C	R	E	O
		TUTORÍA ALUMNADO	LECTURA	LECTURA	LECTURA	TUTORÍA FAMILIAS
12:30	Lectura	20´	20´	20´	20´	20´
4ª	4ª	Ciencias Naturais	Matemáticas	Inglés	Matemáticas	Mate
12:50	Webex	30´	30´	30´	30´	30´
13:20	Tarefas	20´	20´	20´	20´	20´
5ª	5ª	Ciencias Naturais	Plástica	Lingua Galega	Educación Física	Lingua Castelá 5º / Afondamento 6º
13:40	Webex	30´	30´	30´	30´	30´
14:10	Tarefas	20´	20´	20´	20´	20´

2.- METODOLOXÍA.

A metodoloxía para levar a cabo este sistema sería:

- **VIDEOCONFERENCIA INICIAL:**
 - Empezaríanse as sesións cunha videoconferencia a través da plataforma WEBEX seguindo unhas directrices o máis parecidas posible ao ensino presencial.
- **CARGA DE TAREFAS:**
 - Colgaranse cada día, na materia correspondente, as tarefas a realizar.
- **ENTREGA DE TAREFAS:**
 - Comprobarase a entrega dos traballos realizados e que o alumnado colgará na súa respectiva AULA VIRTUAL OU NUBE.
- **FORO DE DÚBIDAS:**
 - Abrirase en cada AULA VIRTUAL un foro de dúbidas para poder responder aos problemas que vaian xurdindo.
- **HORARIO:**
 - A idea sería que os rapaces/as teñan un horario aproximado ao presencial, comprendido entre as 09:30 e as 14:30.
- **PLATAFORMAS:**
 - Plataforma de videoconferencia institucional WEBEX.
 - Aula virtual na que se atoparán os espazos dixitais de traballo online para organizar os contidos das unidades didácticas.
 - EDIXGAL para o alumnado de 5º e 6º de Primaria.
 - Goggle Suite.
- **CARGA LECTIVA:**
 - 60% docencia virtual. (sesións de 30 minutos).
 - 40% tarefas a realizar polo alumnado (sesións de 20 minutos).

3.- CARACTERÍSTICAS DAS CLASES E TAREFAS NO PERIODO DE EDUCACIÓN NON PRESENCIAL.

A educación non presencial tenderá a asemellarse o máis posible a educación presencial na aula. Por este motivo, a planificación dos mestres e especialistas é fundamental.

4.- PREPARACIÓN ANTE SITUACIÓNS DE EDUCACIÓN NON PRESENCIAL.

Durante o tempo que duren as clases presenciais, tanto persoal titor coma especialistas de todos os cursos, realizarán simulacións cos grupos nos que imparten clase para practicar supostos de educación non presencial. Nestas simulacións haberá que tratar principalmente os seguintes aspectos:

- Acceso autónomo a aula virtual do centro. Inserir usuario e contrasinal e navegar dentro dos cursos nos que o alumnado se atope matriculado.
- Acceso ao cronograma e pantalla principal onde se ven as tarefas pendentes, cursos e eventos.
- Navegación polo curso. Tipos de contidos que poden atoparse.
- Acceso a mensaxería. Aprender a ler mensaxes e envialos.
- Aprender a crear un cartafol e gardar documentos dentro. O cartafol estará destinado aos traballos e documentos en educación non presencial.

- Acceso as tarefas. Visualización das tarefas e do xeito de realizar entregas así como do acceso a corrección dunha tarefa e ás cualificacións.
- Realización dunha proba. Ben de xeito telemático ou de forma escrita enviando a captura da proba en forma de entrega de tarefa.
- Copiar imaxes en libre office writer e achegalas coma PDF ou medios similares.
- Acceso ao libro de cualificacións.

5.- DETECCIÓN DE NECESIDADES DE EQUIPAMENTOS INFORMÁTICOS E ACCESO A REDES.

O centro, a través da enquisa realizada, dispón dunha listaxe de familias que non dispoñen de equipos para traballar en situación de ensino non presencial.

Actualmente o centro dispón de tres equipos.

Ás familias poderán solicitar o acceso a estes equipos durante os períodos de confinamento asinando un acordo de cesión seguindo o modelo do ANEXO I.


TIPO EQUIPO	NÚMERO SERIE	ELEMENTOS QUE SE PRESTAN	NOME E APELIDOS DO SOLICITANTE	DATA DE EMPRÉSTITO	DATA DE DEVOLUCIÓN	COMENTARIOS Á ENTREGA

6.- SEGUIMIENTO DO TRABALLO E AVALIACIÓN.

Seguindo a Orde do 02 de novembro de 2020, a educación non presencial constitúe un dereito e unha obriga para o alumnado, por este motivo debemos ter rexistrado o proceso da educación non presencial así como realizar unha avaliación de todos aqueles aspectos que se traballan na educación non presencial do mesmo xeito que se fose presencial.

Para isto, temos varias formas de avaliar empregando o uso de ferramentas tecnolóxicas docentes institucionais.

Cada titor/a e especialista levará un rexistro a través das seguintes ferramentas e establecerá unha categoría de avaliación na aula virtual co nome de Educación non presencial. Esta categoría incluírase dentro de cada unha das tres avaliacións e constituirase como unha categoría ponderada. A ponderación quedará reflectida do seguinte xeito:



Os instrumentos que poderemos empregar para obter estes datos serán:

A TRAVÉS DA AULA VIRTUAL:

- Informe de participación no curso
- Libro de cualificacións

A TRAVÉS DE CANLES DE MENSAXERÍA:

- Rexistro de mensaxería e incidencias.
- Rexistro de confirmación de notificacións.

ATRAVÉS DE CISCO WEBEX:

- Rexistro de conexións e asistencia.
- Informe de probas/enquisas online.

7.- FORMACIÓN DO PROFESORADO.

Actualmente o Claustro do CEIP de Caión atópase en proceso de finalización de formación en ferramentas tecnolóxicas docentes. Xa existe unha formación previa no confinamento da meirande parte do profesorado baseada no sistema Moodle co que se traballa na aula virtual do centro.

Así mesmo, unha parte importante do claustro ten formación homologada en proxectos TIC.

Actualmente non detectamos ningún caso de ningún docente do centro que non teña algún tipo de formación nestas ferramentas. De ser o caso, dispoñemos de recursos humanos para actualizar ao profesorado neste aspecto.

Salientamos a capacidade do profesorado para traballar con outro tipo de ferramentas tecnolóxicas non institucionais relacionadas coa gamificación, presentacións e canles de comunicación.

8.-PASOS A SEGUIR NO MOMENTO DO PASO A EDUCACIÓN NON PRESENCIAL.

En caso de confinamento os pasos a seguir pola dirección do centro serán os seguintes:

- ✓ Comunicación ás familias a través de Abalar móbil da situación de confinamento e da posta en marcha do plan de educación non presencial do centro.
- ✓ Publicación na páxina web do centro da situación de confinamento e das medidas a seguir.
- ✓ Establecemento de quendas respectando a normativa CIVID e o protocolo de actuación do centro publicado na web para recollida de equipos informáticos en empréstito e material impreso que consideren os mestres/as.
- ✓ Comunicación a AMTEGA, inspección e concello das situación das familias sen conectividade a internet.
- ✓ Establecemento do calendario de reunións de repaso e toma de contacto coa aula virtual para familias.

Neste apartado hai que salientar que no centro a aula virtual está dispoñible e con todo o alumnado matriculado.

9.-ORGANIZACIÓN CURSOS DE 1º E 2º DE EDUCACIÓN PRIMARIA E EDUCACIÓN INFANTIL.

Seguindo o plan de adaptación ao contexto COVID do CEIP de Caión, desde os cursos de Educación Infantil aos cursos de Educación Primaria de 1º e 2º, os alumnos/as seguirán a actividade académica no período de confinamento a través da Aula Virtual e cun seguimento dos rapaces/as coas familias a través de mensaxería, e telefonicamente.

O profesorado manterá un contacto periódico co alumnado a través de videoconferencias por grupos reducidos a través da plataforma CISCO Webex.

É importante incidir na Educación Infantil da importancia e responsabilidade das familias para realizar un seguimento dos contidos e actividades que propoñen os titores/as. Enviaráselles de xeito diario unha serie de 3 fichas: 2 de lecto-escritura, grafo-motricidade ou números e outra máis de práctica, do proxecto ou de plástica-experimentos. Faranse conferencias Webex por quendas de poucos alumnos os venres ou á demanda, pero non de xeito diario.

En primeiro e segundo curso de Educación Primaria, establecerase un horario diario para manter contacto co alumnado. Esa sesión adicarase a dar premisas ao alumnado que sexan imprescindibles para seren dadas polos mestres titores/as. As sesións serán de grupos reducidos e versarán sobre contidos das materias troncais.

O resto dos contidos plantexaranse en forma de tarefas a través da aula virtual e aconsellase que o alumnado se vaia facendo autónomo no acceso e navegación na plataforma. Para isto, propoñemos a realización dun videotutorial introdutorio por parte dos mestres/as no que se describa a planificación do día e a mobilidade no curso para dito día.

A planificación do traballo semanal para primeiro e segundo de Educación Primaria quedaría do seguinte xeito:

HORARIO ESPELLO DE 1º - 2º					
	LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
9.30-10.20	VIDEOTUTORIAL	VIDEOTUTORIAL	VIDEOTUTORIAL	VIDEOTUTORIAL	VIDEOTUTORIAL
10.20 -11.10	TAREFAS/ TRABA-LLOS/ RECURSOS	TAREFAS/ TRABA-LLOS/ RECURSOS	TAREFAS/ TRABA-LLOS/ RECURSOS	TAREFAS/ TRABA-LLOS/ RECURSOS	TAREFAS/ TRABA-LLOS/ RECURSOS
11.10 -12.00	TAREFAS/ TRABA-LLOS/ RECURSOS	TAREFAS/ TRABA-LLOS/ RECURSOS	TAREFAS/ TRABA-LLOS/ RECURSOS	TAREFAS/ TRABA-LLOS/ RECURSOS	TAREFAS/ TRABA-LLOS/ RECURSOS
12.00 -12.30	R E C R E O				
12.30-12.50	LECTURA	LECTURA	LECTURA	LECTURA	LECTURA
12.50-13.40	WEBEX	WEBEX	WEBEX	WEBEX	WEBEX
13.40-14.30	TAREFAS/ TRABA-LLOS/ RECURSOS	TAREFAS/ TRABA-LLOS/ RECURSOS	TAREFAS/ TRABA-LLOS/ RECURSOS	TAREFAS/ TRABA-LLOS/ RECURSOS	TAREFAS/ TRABA-LLOS/ RECURSOS

EDUCACIÓN INFANTIL	ENVÍO DE TAREFAS POR MENSAXERÍA	AULA VIRTUAL
09:00 – 10:00	PDF por datas (3 fichas e vídeo interactivo: conto, curta ou canción)	Colgar o .pdf no Foro de novas.
10:00 – 11:00	Ficha nº 1 en .pdf	Lectoescritura
11:00 – 12:00	Ficha nº 2 en .pdf	<ul style="list-style-type: none"> • Grafomotricidade • Lóxica-matemática • Nocións
12:00 – 12:30	RECREO	
12:30 – 13:00	Enlace	Conto, curta, canción, psicomotricidade, inglés, música (alternando diariamente)
13:00 – 14:30	Ficha nº 3 en .pdf	<ul style="list-style-type: none"> • Manualidade / conmemoración. • Experimento.
<ul style="list-style-type: none"> • O alumnado reportará as tarefas por .pdf ou foto. • Os venres farase Videoconferencia por Cisco-Webex a modo de recreo virtual por grupos de 5 nenos/as en 3 quendas: 12:30 / 13:00 / e 13:30. • Haberá titorías coas familias ou alumnado a demanda tanto telefónicas como por Webex. 		

10. PLAN VIRTUAL DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE.

No plan de continxencia é esencial ter en conta ao alumnado que require medidas específicas xa que temos que ter en conta as necesidades do alumnado partindo da premisa de que o noso alumnado non é homoxéneo e menos nesta situación.

A experiencia previa no confinamento fainos inclinarnos por establecer un plan de atención a diversidade no que a actuación específica dos mestres/as que forman parte do equipo psicopedagóxico do centro se realice en base as necesidades primordiais por mor da educación a distancia. Dito plan será redactado polo departamento de Orientación e determinará un horario directo de intervención con aqueles casos que polas súas circunstancias non poda unirse ao grupo nunha sesión tipo ou naqueles casos que uníndose non podan seguir o plan de educación non presencial sen reforzo.

A mestra de PT e a orientación do centro contactarán coas familias coas que vaian a realizar a intervención directa para establecer un horario prioritario de atención. Así mesmo, estarán matriculados nos cursos das aulas virtuais dos alumnos/as que precisen de atención específica para determinar os contidos e actividades a traballar ou ben crearán os seus propios cursos de intervención para este alumnado ou traballarán a través de agrupamentos en Moodle.

Terá que haber unha comunicación constante e directa entre o equipo de orientación e os titores e especialistas para traballar as necesidades deste alumnado.

Aqueles alumnos/as que podan realizar o plan de traballo dos titores aínda que con algunha necesidade ou particularidade, será rexistrada e seguida polos titores/as e especialistas para ser derivada ao equipo de orientación. Este establecerá recursos e pautas para favorecer a evolución positiva deste alumnado.

O presente PLAN foi elaborado pola dirección do centro educativo, en coordinación co equipo docente e aprobado definitivamente pola dirección con data do 9 de setembro de 2021.

O DIRECTOR
José Roca Moro



ANEXO I

MODELO DE ACORDO DE CESIÓN

Eu, D./Dna. _____ con DNI
_____pai/nai/titor/a legal do/a alumno/a
_____do centro educativo
_____recibín en réxime de préstamo o
equipamento identificado máis abaixo para continuar o proceso formativo durante a vixencia das
circunstancias excepcionais derivadas da pandemia por Covid-19.

Comprométome a usalo de forma responsable, a mantelo baixo a miña responsabilidade e
coidado, a cumprir coas medidas de seguridade apropiadas e a devolve-lo nas mesmas condicións
en que me foi entregado.

EQUIPO	MODELO	Nº DE SERIE

INFORMACIÓN BÁSICA SOBRE PROTECCIÓN DE DATOS PERSOAIS

Responsable do tratamento	Xunta de Galicia. Centro educativo ao que se refire este documento
Finalidade do tratamento	Rexistro e acta de entrega de equipamento
Lexitimación do tratamento	O cumprimento dunha misión de interese público, o exercicio de poderes públicos, o cumprimento dunha obriga legal, segundo a normativa xeral e sectorial referida en https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos e demais regulación concordante
Destinatarios do datos	Non se prevén comunicacións a terceiras persoas
Exercicio dos dereitos	As persoas interesadas poderán solicitar o acceso, rectificación, limitación, portabilidade e supresión dos seus datos, a través da sede electrónica da Xunta de Galicia ou nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común segundo se recolle en https://www.xunta.gal/exercicio-de-dereitos
Contacto delegado/a de protección de datos e información adicional	https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos

E para que así conste, asino este documento

En Caión, a _____ de _____ de _____

Entregado ao centro educativo o : _____ / _____ / _____